



### ASUNTO: Valoración dos Orzamentos 2020 da Xunta de Galicia.

Dende o Partido Popular de Caldas de Reis, unha vez analizados con detalle, a proposta de Orzamentos 2020 presentados no Parlamento de Galicia pola Xunta de Galicia sólo podemos valoralos como uns **orzamentos históricos para Caldas de Reis**, e facemos esta valoración por:

- **Posta en marcha da construción do novo Centro de Saúde.** Contempla unha partida de **200.000,00 euros** para os primeiros investimentos no 2020, posto que está claro que vai a ser un investimento plurianual. Isto remata ca demagogia do BNG e PSOE de Caldas, que sempre dicían que a Xunta non quería executar a construción e resulta que cando se envía por primeira vez unha proposta de terreos en serio, a Xunta xa dota partida orzamentaria, e temos que ter en conta que se remitiu neste mes. Agora esperamos que o Alcalde non volte a liala para a cesión definitiva dos terreos se o Sergas os considera adecuados ou non sexa que de solucionar as esixencias que poida poñer. Por certo, isto demostra, unha vez mais o compromiso do Sergas ca Sanidade Pública e a calidade asistencial, e remata cunha necesidade imperiosa que xa existía durante o goberno bipartito da Xunta de Galicia, goberno “amigo” que non fixo nada por un Concello gobernado polo PSOE e BNG.

- **Posta en marcha da Ampliación do IES Aquis Celenis con implantación de módulos de FP.** A Xunta de Galicia contempla **unha partida orzamentaria bianual de 1.400.000,00 euros**, nada menos, a Conselleira de Educación Camen Pomar, estivo en Caldas e se comprometeu con este investimento, que o Alcalde nin sequera tiña solicitado, e poucos meses despois esta no orzamento da Xunta. Neste caso esperamos que este goberno municipal cumpra ca súa parte e poña os terreos a disposición da Xunta de Galicia urxentemente, xa que a Consellería así considera este investimento.

- **Dotación dunha partida de 50.000,00 euros para actuacións no Camiño Portugués no noso tramo.**
- **Case un millón de euros en partidas investidas en Caldas de Reis no exercicio 2020, o que teríamos que engadir 1.350.000,00 xa establecidas para 2021 no Instituto e os fondos precisos para o resto do investimento no novo Centro de Saúde.**

Estamos pois ante a posta en marcha das dúas demandas históricas e fundamentais do noso Pobo, Centro de Saúde e Instituto de Bachelato, por elo son uns orzamentos históricos, pero o Partido Popular de Caldas de Reis non se vai a quedar neste, non somos autocomplacentes, somos esixentes, mais se o goberno e do noso partido, e por elo seguiremos esixindo solucións e actuacións noutros frentes, en especial nos nosos ríos e na posta en marcha da concentración parcelaria de Bemil, entre outros.

O goberno da Xunta de Galicia do Partido Popular cumpre os seus compromisos, e o fai sen mirar que partido político goberna en Caldas de Reis, o fai para os veciños de Caldas de Reis, e polo tanto non actúa como o goberno da Deputación de Pontevedra que cos orzamentos fai sectarismo en prol de Pontevedra e Vigo e concellos dos seus cores políticos, periodiza a política sobre as necesidades dos veciños, algo que tamén ocorreu durante estes últimos meses no goberno de Madrid.



[www.ppcaldas.es](http://www.ppcaldas.es)



<https://www.facebook.com/ppcaldasdereis/>



<https://twitter.com/PPCaldasdereis>



<https://www.instagram.com/popularescaldasdereis>



+34 621 224 620